

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15006742	IES Concepción Arenal	Ferrol	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Lingua galega e literatura II	2º Bac.	3	87

Réxime

Réxime de adultos

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	7
3.1. Relación de unidades didácticas	9
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	13
4.1. Concrecións metodolóxicas	82
4.2. Materiais e recursos didácticos	83
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	83
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	84
6. Medidas de atención á diversidade	86
7.1. Concreción dos elementos transversais	87
7.2. Actividades complementarias	88
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	89
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	91
9. Outros apartados	91

1. Introducción

O DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. A materia de Lingua Galega e Literatura mantén en bacharelato unha continuidade coa etapa anterior, á vez que ten uns fins específicos en consonancia cos obxectivos desta etapa. Así, a educación lingüística e literaria debe contribuír á madurez persoal e intelectual da mocidade; brindar os coñecementos, habilidades e actitudes que lle permitan participar na vida social e exercer a cidadanía democrática de maneira ética e responsable, así como capacitala para o acceso á formación superior e ao futuro profesional de maneira competente.

O obxectivo da materia de Lingua Galega e Literatura oriéntase tanto á eficacia comunicativa na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal, como a favorecer un uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e a igualdade de dereitos de todas as persoas. Desta maneira, a materia contribúe á progresión no desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico.

Os obxectivos de Lingua Galega e Literatura en bacharelato marcan unha progresión a respecto dos da educación secundaria obrigatoria dos que se parte nesta nova etapa. O afondamento a respecto da etapa anterior estriba nunha maior conciencia teórica e metodolóxica para analizar a realidade, así como na mobilización dun conxunto maior de coñecementos, articulados a través de instrumentos de análise que axuden a construír e a estruturar o coñecemento explícito sobre os fenómenos lingüísticos e literarios tratados. Proponse tamén favorecer unha

aproximación ampla á cultura, que incida nesta etapa na relación continua entre o pasado e o presente.

O primeiro dos obxectivos da materia afonda no recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal de Galicia, da Península Ibérica e do mundo, especialmente do portugués e as súas variantes noutros territorios como O Brasil, co propósito de favorecer actitudes de aprecio á devandita diversidade, combater prexuizos e estereotipos lingüísticos e estimular a reflexión interlingüística e sociolingüística. Os cinco obxectivos seguintes refírense á produción, comprensión e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía e atendendo aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profesional. Así, os obxectivos segundo e terceiro refírense á comunicación oral; o cuarto, á comprensión lectora; o quinto, á expresión escrita e, por último, o sexto pon o foco na alfabetización informacional. A seguir, os obxectivos sétimo e oitavo resérvanse para a lectura literaria, tanto autónoma como guiada na aula. O obxectivo noveno atende á reflexión sobre a lingua e os seus usos, en canto que o décimo, relativo á ética da comunicación, é transversal a todos eles.

O desenvolvemento das competencias do alumnado reclama en bacharelato unha maior atención a textos académicos e dos medios de comunicación. Os textos académicos son os que constrúen a formación científica e humanística de cada estudante nesta etapa; os textos dos medios de comunicación, os que os poñen en contacto coa realidade social, política e cultural do mundo contemporáneo. Por iso, o traballo interdisciplinario é imprescindible para que o alumnado se apropie dos xéneros discursivos específicos de cada área de coñecemento.

A respecto da competencia literaria, en bacharelato preténdese unha progresiva confluencia entre as modalidades de lectura guiada e lectura autónoma, tanto no relativo aos seus respectivos corpus como ás súas formas de fruición. O desenvolvemento da

educación lingüística e literaria exige nesta etapa unha maior capacidade de abstracción e sistematización, así como o manexo dunha metalinguaxe específica que permita unha aproximación máis reflexiva aos usos orais e escritos.

Para cada obxectivo fórmulanse criterios de avaliación que establecen o nivel de desempeño esperado en cada un dos cursos. Teñen un claro enfoque competencial e atenden tanto aos procesos como aos produtos, o que reclama recursos e instrumentos de avaliación variados e con capacidade diagnóstica e de mellora. Dado o enfoque inequivocamente competencial da educación lingüística, a gradación entre os dous cursos non se establece tanto mediante unha distribución diferenciada de saberes, senón en función da maior ou menor complexidade dos textos, das habilidades de interpretación ou de produción requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos, ou o grao de autonomía conferido ao alumnado. Por iso, tanto os contidos como os criterios de avaliación gardan paralelismo nos dous cursos e continuidade evidente cos de etapas precedentes.

Os criterios de avaliación e os contidos distribúense en catro bloques. O primeiro, «As linguas e os seus falantes», afonda no recoñecemento da diversidade lingüística subliñando os fenómenos que se producen no marco do contacto entre linguas e as diferenzas entre variedades dialectais, sociolectos e rexistros, co fin de combater de maneira argumentada prexuízos e estereotipos lingüísticos. O segundo bloque, «Comunicación», integra todos os saberes implicados na comunicación oral e escrita e a alfabetización informacional e mediática, vertebrándoos ao redor da realización de tarefas de produción, recepción e análise crítica de textos, con especial atención á produción de textos académicos e á recepción crítica de textos procedentes dos medios de comunicación, así como aos procesos de investigación que deben acompañar ambos os desempeños. O

terceiro bloque, «Educación literaria», recolle os saberes e experiencias necesarios para a consolidación do hábito lector e a conformación da propia identidade lectora, o desenvolvemento de habilidades de interpretación de textos literarios, a expresión de valoracións argumentadas sobre eles e o coñecemento da evolución, configuración e interrelación entre textos a través da lectura en profundidade dalgúns obras relevantes da literatura galega e tamén da lusófona. Convida ao deseño, para cada un dos cursos, de itinerarios lectores que serán obxecto de lectura guiada na aula e que inscriben os textos no seu contexto de produción e na tradición cultural, á vez que tenden pontes cos contextos contemporáneos de recepción. O cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón abordar a aprendizaxe sistemática da gramática a través de procesos de indagación, establecendo unha relación entre coñecemento gramatical explícito e uso da lingua, a partir da reflexión e da comunicación de conclusións coa metalinguaxe adecuada.

As situacións de aprendizaxe da materia de Lingua Galega e Literatura deben adestrar o alumnado no uso dos recursos que lle permitirán afrontar os retos da sociedade do século XXI, que demanda persoas cultas, críticas e ben informadas; capaces de facer un uso eficaz e ético das palabras; respectuosas cara ás diferenzas; competentes para exercer unha cidadanía dixital activa; con capacidade para adquirir información e transformala en coñecemento, e para aprender por si mesmas, colaborar e traballar en equipo; creativas e emprendedoras; e comprometidas co desenvolvemento sustentable e a salvagarda do patrimonio artístico e cultural propio, a defensa dos dereitos humanos, e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.

A diversidade lingüística da maior parte dos contextos escolares e a innegable necesidade dunha educación plurilingüe para todo o alumnado, convida ao tratamento integrado das linguas como a mellor canle para estimular non só a reflexión interlingüística

senón tamén a aproximación aos usos sociais reais, en que a miúdo deben de manexar simultaneamente dúas ou máis linguas. No marco galego, dada a proximidade xeográfica e os vínculos socioculturais entre Galicia e Portugal, a reflexión interlingüística no bacharelato cobra unha dimensión maior. Así, os coñecementos básicos de portugués aprendidos na educación secundaria obrigatoria deberán ser o punto de partida para desenvolver contidos e estratexias que, alén de facilitar a intercomunicación nos dous idiomas, favorezan a adquisición doutras habilidades que, como a mediación, poden resultar moi útiles na futura traxectoria profesional das mozas e mozos galegos. Con este fin, os centros educativos, a través do equipo de dinamización da lingua galega, a biblioteca ou outros departamentos, poderán promover actuacións que, de xeito presencial ou virtual, propicien os intercambios lingüísticos e culturais entre o alumnado dos dous territorios (encontros, concursos, festivais...).

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Explicar e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e a riqueza dos bloques e áreas dialectais do galego, así como da reflexión sobre os fenómenos do contacto entre linguas, para favorecer a reflexión interlingüística, para combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e para valorar esta diversidade como fonte de patrimonio cultural.	1-5	2-3				1-2		1
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais, con especial atención aos textos académicos e dos medios de comunicación, recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, para formarse opinión e para ampliar as posibilidades de gozo e lecer.	2	2	1	2-3	40	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Producir textos orais e multimodais, con atención preferente aos de carácter académico, con rigor, fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais, como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2		
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, integrando a información explícita e realizando as inferencias necesarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade, para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	40	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	50	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, cun punto de vista crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual, especialmente no marco da realización de traballos de investigación sobre temas do currículo ou vinculados ás obras literarias lidas.	3			1-2-3-4	40	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que se enriqueza progresivamente en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e partillar experiencias lectoras para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	11			2-31-32

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras relevantes do patrimonio galego, lusófono e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-31-32-42
OBX9 - Consolidar e afondar no coñecemento explícito e sistemático sobre a estrutura da lingua e os seus usos, e reflexionar de maneira autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, para aumentar o repertorio comunicativo e para mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de comprensión e interpretación crítica.	1-2	2	1-2		50			
OBX10 - Pór as prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra, para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe.	1-5	3		3	31	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Unidade 1	-COMPETENCIA COMUNICATIVA. Comprensión e expresión oral e escrita, tipoloxía textual, propiedades textuais (adequación, coherencia, cohesión). Comprensión e produción textual. Reforzo de materiais curriculares básicos de 1o Bach. -UNCIONAMENTO DA LINGUA. Morfoloxía. O léxico e os seus procedementos de formación -LINGUA E SOCIEDADE. O galego no 1º terzo do s. XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e	10	8	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Unidade 1	situación sociolingüística. -LITERATURA. A poesía das Irmandades da Fala. Características, autores e obras representativas.	10	8	X		
2	Unidade 2	-COMPETENCIA COMUNICATIVA. Comprensión e expresión oral e escrita, tipoloxía textual, propiedades textuais (adequación, coherencia, cohesión). Comprensión e produción textual. Reforzo de materiais curriculares básicos de 1º Bach. -LINGUA E SOCIEDADE. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos. -LITERATURA. A poesía de vangarda. Características, autores e obras representativas.	8	7	X		
3	Unidade 3	-COMPETENCIA COMUNICATIVA. Comprensión e expresión oral e escrita, tipoloxía textual, propiedades textuais (adequación, coherencia, cohesión). Comprensión e produción textual. Reforzo de materiais curriculares básicos de 1º Bach. -LITERATURA. A prosa do 1º terzo do XX: as Irmandades e o Grupo Nós (narrativa, ensaio e xornalismo). -FUNCIONAMENTO DA LINGUA. Fonética e fonoloxía. Sílaba. Acento.	8	7	X		
4	Unidade 4	-COMPETENCIA COMUNICATIVA. Comprensión e expresión oral e escrita, tipoloxía textual, propiedades textuais (adequación, coherencia, cohesión). Comprensión e produción textual. Reforzo de materiais curriculares básicos de 1º Bach. -FUNCIONAMENTO DA LINGUA. Variedades dialectais de Galicia. -LITERATURA. O teatro do 1º terzo do XX: Irmandades, vangardas, Grupo Nós.	8	7	X		
5	Unidade 5	-COMPETENCIA COMUNICATIVA. Comprensión e expresión oral e escrita, tipoloxía textual, propiedades textuais (adequación, coherencia, cohesión). Comprensión e produción textual. Reforzo de materiais curriculares básicos de 1º Bach.	9	8		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Unidade 5	-FUNCIONAMENTO DA LINGUA. As interferencias lingüísticas. Desvíos da norma. -LINGUA E SOCIEDADE. Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma. -LITERATURA. A poesía entre 1936 e 1975: a Xeración do 36, a Promoción de Enlace, a Xeración das Festas Minervais.	9	8		X	
6	Unidade 6	-COMPETENCIA COMUNICATIVA. Comprensión e expresión oral e escrita, tipoloxía textual, propiedades textuais (adequación, coherencia, cohesión). Comprensión e produción textual. Reforzo de materiais curriculares básicos de 1º Bach -FUNCIONAMENTO DA LINGUA. Sintaxe: As unidades sintácticas. A frase ou sintagma. -LINGUA E SOCIEDADE. O galego de 1936 a 1978: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística. -LITERATURA. A prosa entre 1936 e 1975: os renovadores da prosa (Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas).	8	7		X	
7	Unidade 7	-COMPETENCIA COMUNICATIVA. Comprensión e expresión oral e escrita, tipoloxía textual, propiedades textuais (adequación, coherencia, cohesión). Comprensión e produción textual. Reforzo de materiais curriculares básicos de 1º Bach. -LITERATURA. A Nova Narrativa Galega. Características, autores e obras representativas. -LINGUA E SOCIEDADE. As linguas da Península Ibérica. -FUNCIONAMENTO DA LINGUA. Sintaxe: as unidades sintácticas. A oración. As funcións sintácticas.	8	7		X	
8	Unidade 8	-COMPETENCIA COMUNICATIVA. Comprensión e expresión oral e escrita, tipoloxía textual, propiedades textuais (adequación, coherencia, cohesión). Comprensión e produción textual. Reforzo de materiais curriculares básicos de 1º Bach -LITERATURA. O teatro galego entre 1936 e 1975: a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia. -FUNCIONAMENTO DA LINGUA. As oracións	8	7		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	Unidade 8	compostas I.	8	7		X	
9	Unidade 9	<p>-COMPETENCIA COMUNICATIVA. Comprensión e expresión oral e escrita, tipoloxía textual, propiedades textuais (adequación, coherencia, cohesión). Comprensión e produción textual. Reforzo de materiais curriculares básicos de 1º Bach.</p> <p>-LITERATURA. A literatura do exilio entre 1936 e 1975: poesía, prosa, teatro.</p> <p>-FUNCIONAMENTO DA LINGUA. As oracións compostas II. Elementos periféricos. Modificadores oracionais.</p> <p>-LINGUA E SOCIEDADE. O galego, lingua en vías de normalización.</p>	9	8			X
10	Unidade 10	<p>-COMPETENCIA COMUNICATIVA. Comprensión e expresión oral e escrita, tipoloxía textual, propiedades textuais (adequación, coherencia, cohesión). Comprensión e produción textual. Reforzo de materiais curriculares básicos de 1º Bach.</p> <p>-LITERATURA. A poesía de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Poetas e tendencias actuais máis relevantes.</p> <p>-FUNCIONAMENTO DA LINGUA. A modalidade oracional</p> <p>-LINGUA E SOCIEDADE. O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.</p>	8	7			X
11	Unidade 11	<p>-COMPETENCIA COMUNICATIVA. Comprensión e expresión oral e escrita, tipoloxía textual, propiedades textuais (adequación, coherencia, cohesión). Comprensión e produción textual. Reforzo de materiais curriculares básicos de 1º Bach.</p> <p>-LITERATURA. A prosa de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Prosistas e tendencias actuais máis relevantes.</p> <p>-FUNCIONAMENTO DA LINGUA. Semántica. O significado. O cambio de significado.</p>	8	7			X
12	Unidade 12	<p>-COMPETENCIA COMUNICATIVA. Comprensión e expresión oral e escrita, tipoloxía textual, propiedades textuais (adequación, coherencia, cohesión). Comprensión e produción textual. Reforzo de materiais curriculares básicos de 1º</p>	8	7			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
12	Unidade 12	Bach. -LITERATURA. O teatro de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Dramaturgos, tendencias e compañías actuais máis relevantes. -FUNCIONAMENTO DA LINGUA. Semántica II. As relación semánticas	8	7			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Unidade 1	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos destas linguas en manifestacións orais, escritas e multimodais, diferenciando os trazos de lingua que responden á diversidade dialectal dos que se corresponden con sociolectos ou rexistros.	Recoñece e valora as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego.	PE	52
CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, atendendo á diversidade de normas cultas e estándares que se dan nunha mesma lingua, así como analizando e valorando a relevancia actual dos medios de comunicación e das redes sociais nos procesos de normalización lingüística.	Cuestiona e refuta prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.		
CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Identifica e desterra os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación.		
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais especializados propios de diferentes ámbitos analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Identifica o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en todo tipo de textos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais extensas e nas que se recollan diferentes puntos de vista, con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo e facelo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realizar exposicións e argumentacións orais formais extensas con rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.		
CA2.5 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle, e de redacción e revisión de borradores entre iguais ou utilizando outros instrumentos de consulta.	Elabora textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas curriculares ou de interese social e cultural, que atendan á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle.		
CA2.7 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	¿ Identifica o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais.		
CE2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, con especial atención á xestión do seu almacenamento e recuperación, así como á avaliación da súa fiabilidade e pertinencia; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	Elabora traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre diversos temas de interese		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valora criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Explica e argumenta a interpretación das obras lidas , incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.		
CA3.8 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Identifica e evita os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os propios textos e fai propostas de mellora e identifica e soluciona problemas de comprensión lectora.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Explica e argumenta a relación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando unha metalinguaxe específica.		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social.	Utiliza estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais especializados avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora a forma e o contido de textos orais e multimodais especializados avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada.		
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participa de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.		
CA2.6 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	6 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical		
CA2.8 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	- Valora criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	TI	48
CE2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análises, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte aos posibles nesgos da información.	Avalia a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de verificación, mantendo unha actitude crítica fronte aos posibles nesgos da información.		
CA3.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participa de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluíndo o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Elixe e le de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada.		
CA3.4 - Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Comparte a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal.		
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre as obras da literatura galega dos séculos XX e XXI obxecto de lectura guiada e outros textos, como algunha mostra do ámbito lusófono, e manifestacións artísticas de onte e de hoxe, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Desenvolve proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal.		
CA3.7 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os propios textos e fai propostas de mellora e identifica e soluciona problemas de comprensión lectora.		
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorpora procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.		
CA4.4 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital.	Elabora e presenta os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre o funcionamento da lingua, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego. - Estratexias avanzadas da reflexión interlingüística e sociolingüística. - Diferenzas entre os trazos propios das variedades dialectais (fónicos, gramaticais e léxicos) e os relativos aos sociolectos e os rexistros.

Contidos

- Indagación e explicación dos conceptos de norma culta e estándar, atendendo á súa utilidade e á súa diversidade na lingua galega.
- Os medios de comunicación e as redes sociais nos procesos de normalización lingüística.
- Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos.
- Semellanzas e diferenzas lingüísticas e discursivas máis salientables entre as linguas da Península Ibérica, contrastándoas en manifestacións orais, escritas e multimodais.
- Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo.
- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo Os textos académicos.
- Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e medios de comunicación.
- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter formal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, redacción e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo da exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto.
- Produción escrita: elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.
- Alfabetización mediática e informacional: procura autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. A xestión de contidos, o almacenamento e a recuperación da información relevante. Noticias falsas e verificación de feitos.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos.
- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.

Contidos

- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.
- Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.
- Selección das obras relevantes, incluíndo o ensaio literario e formas actuais de produción e consumo cultural, coa axuda de recomendacións especializadas.
- Participación activa no circuito literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.
- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuitos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers.
- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo, e valores éticos e estéticos das obras.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.
- Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura.
- Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916- 1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias.
- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversas literarias.
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo feminino.
- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- A lingua como sistema interconectado tendo en conta os diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).
- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.
- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta en soporte analóxico e dixital para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
2	Unidade 2	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, atendendo á diversidade de normas cultas e estándares que se dan nunha mesma lingua, así como analizando e valorando a relevancia actual dos medios de comunicación e das redes sociais nos procesos de normalización lingüística.	Cuestiona e refuta prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, así como valorando a relevancia dos medios de comunicación e das redes sociais nos procesos de normalización lingüística.		
CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	- Identifica e desterra os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.		
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais especializados propios de diferentes ámbitos analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Identifica o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor en textos orais e multimodais		
CA2.5 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle, e de redacción e revisión de borradores entre iguais ou utilizando outros instrumentos de consulta.	Elabora textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas curriculares ou de interese.	PE	44
CA2.6 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorpora procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.		
CA2.7 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CE2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, con especial atención á xestión do seu almacenamento e recuperación, así como á avaliación da súa fiabilidade e pertinencia; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	Elabora traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre diversos temas de interese.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Explica e argumenta a interpretación das obras lidas a partir seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, incorporando xuízos de valor.		
CA3.8 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Identifica e evita os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Explica e argumenta a relación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando unha metalinguaxe específica.		
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos destas linguas en manifestacións orais, escritas e multimodais, diferenciando os trazos de lingua que responden á diversidade dialectal dos que se corresponden con sociolectos ou rexistros.	- Recoñece e valora as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego,		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social.	Utiliza estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos en todos os ámbitos.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais especializados avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora a forma e o contido de textos orais e multimodais especializados avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	TI	56

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais extensas e nas que se recollan diferentes puntos de vista, con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo e facelo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza exposicións e argumentacións orais formais extensas sobre temas de interese con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado.		
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participa de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.		
CA2.8 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valora criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.		
CE2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análises, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte aos posibles nesgos da información.	Avalia a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de verificación, mantendo unha actitude crítica fronte aos posibles nesgos da información.		
CA3.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participa de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais especializados avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora a forma e o contido de textos orais e multimodais especializados avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.		
CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais extensas e nas que se recollan diferentes puntos de vista, con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo e facelo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza exposicións e argumentacións orais formais extensas sobre temas de interese con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado.		
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participa de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.		
CA2.6 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	- Incorpora procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	TI	52
CE2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, con especial atención á xestión do seu almacenamento e recuperación, así como á avaliación da súa fiabilidade e pertinencia; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	Elabora traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre diversos temas de interese.		
CE2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análises, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte aos posibles nesgos da información.	Avalia a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de verificación, mantendo unha actitude crítica fronte aos posibles nesgos da información.		
CA3.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participa de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valora criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.		
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluíndo o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Elixe e le de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada.		
CA3.4 - Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Comparte a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal.		
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre as obras da literatura galega dos séculos XX e XXI obxecto de lectura guiada e outros textos, como algunha mostra do ámbito lusófono, e manifestacións artísticas de onte e de hoxe, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Desenvolve proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal		
CA3.7 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os propios textos e fai propostas de mellora e identifica e soluciona problemas de comprensión lectora.		
CA3.8 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Identifica e evita os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe.		
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	¿ Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.		
CA4.2 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os propios textos e fai propostas de mellora e identifica e soluciona problemas de comprensión lectora.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Explica e argumenta a relación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando unha metalinguaxe específica.		
CA4.4 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital.	Elabora e presenta os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre o funcionamento da lingua.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego. - Estratexias avanzadas da reflexión interlingüística e sociolingüística. - Diferenzas entre os trazos propios das variedades dialectais (fónicos, gramaticais e léxicos) e os relativos aos sociolectos e os rexistros. - Indagación e explicación dos conceptos de norma culta e estándar, atendendo á súa utilidade e á súa diversidade na lingua galega. - Os medios de comunicación e as redes sociais nos procesos de normalización lingüística. - Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos. - Semellanzas e diferenzas lingüísticas e discursivas máis salientables entre as linguas da Península Ibérica, contrastándoas en manifestacións orais, escritas e multimodais. - Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo Os textos académicos. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e medios de comunicación. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter formal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto. - Produción oral formal: planificación e procura de información, redacción e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo da exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.

Contidos

- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminitorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto.
- Produción escrita: elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.
- Alfabetización mediática e informacional: procura autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. A xestión de contidos, o almacenamento e a recuperación da información relevante. Noticias falsas e verificación de feitos.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos.
- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.
- Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.
- Selección das obras relevantes, incluíndo o ensaio literario e formas actuais de produción e consumo cultural, coa axuda de recomendacións especializadas.
- Participación activa no circuito literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.
- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuitos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers.
- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo, e valores éticos e estéticos das obras.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.
- Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura.
- Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916- 1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias.
- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversas literarias.
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.

Contidos

- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo feminino.
- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- A lingua como sistema interconectado tendo en conta os diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).
- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.
- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta en soporte analóxico e dixital para obter información gramatical de carácter xeral.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A actividade construtiva da alumna/o é o factor decisivo na realización das aprendizaxes escolares. É o alumno/a quen modifica e reelabora os seus esquemas de coñecemento, construíndo a súa propia aprendizaxe. A aprendizaxe dunha lingua progresa en espiral, o que significa que a adquisición de novas habilidades debe ir paralela ao mantemento e á activación das dos cursos anteriores, pois sobre elas se asenta. Neste proceso o profesorado actuará como guía e mediador para facilitar a construción desa aprendizaxe. O profesorado ha de proporcionar oportunidades para poñer en práctica eses novos coñecementos.

O proceso de ensino ha de estar presidido pola necesidade de garantir a funcionalidade desas aprendizaxes, que non só son construción de coñecementos senón tamén desenvolvemento de habilidades e estratexias de planificación da propia actividade de aprendizaxe. Será preciso integrar na práctica da aula tanto procedementos, conceptos e actitudes como o traballo das capacidades básicas (escoitar, falar, ler e escribir) así como todos os bloques de contidos sempre en articulación cos demais.

Pretendemos, reforzar os aspectos prácticos, polo tanto, coñpre poñer especial atención na oralidade e nas competencias activas: aproveitar os recursos que ofrece a biblioteca, o ENDLG, o auditorio do concello, así como fomentar as tecnoloxías da información e da comunicación, e fomentar a investigación en grupo e o traballo colaborativo do alumnado. Polo que valoramos moito a participación do noso alumnado nas actividades que lles proponzemos (asistencia a representacións teatrais e a presentación de libros, asistencia a xornadas sobre a memoria histórica ou a obradoiros de boktoobers, produción de artigos arredor das súas lecturas ou de crónicas arredor das actividades nas que participan, realización de lecturas públicas... Se ben, non hai que esquecer que estamos en 2º Bacharelato, o tempo non chega a nada e as probas ABAU agardan ao final do curso académico. En consecuencia, todas as tarefas vinculadas á oralidade, á produción textual, á dinamización e normalización da lingua, á lectura, á creación, á participación en actividades complementarias e extraescolares, terán a consideración de tarefas voluntarias e servirá para subir a nota, unha vez acadado o 5 no conxunto das 4 Probas Escritas do trimestre.

LINÍAS METODOLÓXICAS

Como conclusión a todo o dito anteriormente respecto á metodoloxía didáctica sérvennos as liñas metodolóxicas enumeradas no Decreto 133/2007, que son as seguintes:

- Fomentar a participación, a reflexión, tanto individual como grupal.
- Operar non só sobre o concreto, senón tamén sobre conceptos, ideas.
- Fomentar a formulación de hipóteses.
- Buscar, seleccionar e tratar a información.
- Fomentar a confrontación clara e respectuosa.
- Insistir na ordenación, comparación e xerarquización das ideas.
- Elaborar percorridos ordenados desde a formulación da hipótese até a comprobación dos resultados.
- Expresar correcta, clara e ordenadamente os resultados.
- Comprobar a aprendizaxe noutros contextos diferentes ao utilizado.
- Relacionar os saberes aprendidos nas distintas materias.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

O alumnado contará co temas en formato pdf que recollen a integridade dos contidos curriculares da materia e que estarán accesibles na aula virtual. A aula virtual recolle, ademais dos temas do currículo, enlaces a outras páxinas web e blogs de interese (<https://www.ogalego.eu>, <http://literaturagallega.as-pg.gal>, etc) e vídeos didácticos, así como actividades interactivas con resolución.

Ademais, traballaranse:

- Exercicios, presentacións dixitais e outras actividades elaboradas polo profesorado do departamento
- Obras literarias e fragmentos literarios adecuados á idade do alumnado
- Selección de artigos de prensa ou dixitais
- Vídeos (cine, documentais) en DVD ou on line

Poderanse utilizar fontes bibliográficas diversas: dicionarios en papel e dixitais, atlas, libros de consulta da biblioteca do centro...

O alumnado poderá comunicarse a través da Aula Virtual ou do correo electrónico coa persoa docente.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Consideramos a avaliación como un proceso que implica coñecer, analizar e emitir un xuízo de valor sobre a calidade, a corrección ou a oportunidade do que se avalía e todo iso co fin de orientar a toma de decisións que contribúan á mellora desa calidade. Aplicando esta visión da avaliación ao sistema educativo, podemos considerala como un medio que serve para mellorar os resultados de toda a actividade avaliada, e non para sancionar, certificar, seleccionar ou clasificar aos alumnos/as en función dos seus resultados.

QUE SE EVALUA AO INICIO DO CURSO?

O alumnado presenta grande diversidade e, especialmente en Adultos, a súa procedencia no Bacharelato é moi variada. Moitos proceden doutros centros.

É necesario analizar as características propias do curso e informar o alumnado dunha serie de aspectos:

1. COÑECER AS CARACTERÍSTICAS DO GRUPO: PRESENTACIÓNS

Tendo en conta as características evolutivas, atopámonos cun alumnado que superou a ESO e, a maioría, 1º de bacharelato. Os trazos compartidos propios deste momento evolutivo indican que a maioría superaron a etapa de puberdade e que se atópanse no fin da adolescencia e no inicio da mocidade. Están a prepararse para acceder principalmente á vida activa, isto provoca que será unha etapa especial: aínda que son máis maduros, a inexperiencia e incerteza futura supónlles grandes inxerencias. É interesante realizar unha dinámica de grupo para as presentacións, sobre todo se hai alumnado que non se coñecen entre si.

2. PRESENTACIÓN DA MATERIA E DA/O PROFESOR/A

3. Presentación da organización e funcionamento do centro: aula virtual, entrega de horarios, dereitos e deberes do alumnado...

4. ANÁLISE DOS COÑECIMENTOS PREVIOS DA MATERIA. A análise dun texto e/ou unha batería de preguntas poderán permitir coñecer o nivel xeral de coñecementos propios da materia. Así mesmo pódense preguntar cales son os seus medos e inquietudes, que poderán, se o desexan, expór con liberdade.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	8	8	8	9	8	8	8	9	8
Proba escrita	52	44	35	52	36	48	52	53	53	49
Táboa de indicadores	48	56	65	48	64	52	48	47	47	51

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	100
Proba escrita	55	48	48
Táboa de indicadores	45	52	52

Criterios de cualificación:

Ao longo do curso traballaranse os contidos por medio de distintos aspectos: comprensión e expresión oral, actividades teóricas e prácticas, exercicios realizados na casa e na aula, modelos de ABAU, comentarios críticos, cuestións sobre Lingua e sociedade e Literatura, comprobación de lecturas... procurando a participación e implicación na materia.

En cada unha das avaliacións realizaranse as seguintes probas relativas ao contido da programación:

1. Un control, que se realizará durante o trimestre sobre aspectos relacionados co Funcionamento da lingua, comprobación de lectura, Lingua e sociedade e Educación literaria. As preguntas relativas aos apartados teóricos da programación serán breves e de carácter concreto e primarase a comprensión de aspectos relacionados con conceptos sociolingüísticos, etapas ou movementos literarios, características xerais de autores, obras... Ao tratarse de avaliación continua, todos os contidos vistos -incluídos os de avaliacións anteriores- poderán ser avaliados, incluídos os temas de teoría. Este apartado vai ir tendo máis peso a medida que avance o curso. Esta proba conforma o 30 % da nota de avaliación.

2. Un exame xeral ao final de cada trimestre -proba trimestral- que será unha adaptación do modelo das probas de ABAU (incluída a extensión máxima de 3 folios). Esta modificación consistirá na escollo da exposición dun tema sobre dous que se dan a elixir, entre os seis temas que conforman o bloque de Lingua e sociedade e Educación literaria; contidos aos que se lles prestará unha especial atención, pois requiren de esforzo e asimilación competentes por parte do alumno, tal e como corresponde a un nivel avanzado da materia. Estes apartados teóricos irán acompañados dun texto breve, viñeta, gráfica... que haberá que comentar. Na puntuación desta pregunta, ademais das indicacións que figuran nos criterios de ABAU, terase en conta que o alumnado complementa a información do tema cos textos que o acompañan e coa información transmitida na clase. Entrarán como contidos de exame todos os vistos ata o momento, só as preguntas de teoría se limitarán ás da avaliación correspondente. Este exame supón o 60 % da nota da avaliación.

A lingua galega será o vehículo de comunicación académica (oral e escrita) en todo momento. A práctica fluída, espontánea, progresiva e sen prexuízos do galego oral será obxecto de observación. Así mesmo, valorarase a adecuación, a coherencia, a cohesión e a claridade expositiva, así como normas de cortesía nas intervencións, tanto espontáneas como planificadas (exposicións). Esta valoración supón o 10 % da nota da avaliación.

MODELO DE EXAME TRIMESTRAL (adaptación do modelo ABAU)

1. Competencia comunicativa: comprensión e produción textual. [5 pts]

2. Contidos específicos da materia: Funcionamento da lingua, Lingua e sociedade e Educación literaria. [5 ptos]
COMPETENCIA COMUNICATIVA. Preguntas 1, 2 e 3 do modelo de exame. [5 ptos]

1 e 2. Comprensión textual. Dúas preguntas entre as seguintes: [2 ptos]

- § Resumo breve do texto ou dunha parte del. Tema. Título.
- § Estrutura do texto.
- § Ideas principais e secundarias.
- § Identificación e caracterización dalgún personaxe.
- § Intencionalidade do autor do texto.
- § Opinión do autor sobre algún aspecto que se indique.
- § Significado concreto no texto dalgunha palabra ou expresión.
- § Substitucións de palabras do texto por sinónimos e/ou antónimos.
- § Interpretación dalgunha parte do texto.
- § Recoñecemento e descrición de recursos cohesivos gramaticais e léxico-semánticos
- § Descrición do rexistro do texto e análise das súas manifestacións lingüísticas.

3. Produción textual (comentario crítico). Extensión aproximada 250 palabras. [3 ptos]

Do mesmo xeito, de acordo coas pautas fixadas na ABAU, nos criterios de corrección da produción textual (comentario crítico) pediráselles aos alumnos que constrúan un texto persoal cunha extensión aproximada de 250 palabras sobre un tema proposto, relacionado dalgún xeito co contido do texto sobre o cal se basea o exame. Valorarase a capacidade para producir un texto que sexa informativo, coherente, ben estruturado, adecuado á situación comunicativa e correcto ortográfica e gramaticalmente Os 3 puntos desagregaranse en tres tramos do seguinte xeito:

1. Construción textual. 1 punto. Valorarase: 1.a) A adecuada selección da información, coa presenza da información pertinente e necesaria para que o texto sexa cabalmente comprendido, evitando tanto a súa excesiva previsibilidade (clixés, estereotipos, lugares comúns) como a “orixinalidade” gratuita. 1. b) A coherencia discursiva: a sucesión de enunciados do texto debe presentar asemade continuidade temática e progresión informativa, e non introducir contradicións. 1. c) A organización da información: estruturación do texto (introdución, desenvolvemento, conclusións), argumentación, organización en parágrafos.

2. Adecuación léxico-gramatical. 1 punto. Valorarase a capacidade de construción de textos adecuados á situación (formal) en que estes se producen. Requírese un apropiado manexo dos rexistros da lingua, tanto nas escollas lexicais como no emprego das construcións gramaticais. Deben evitarse tanto os trazos propios da oralidade e dos textos espontáneos e non planificados como os que amosen un requintamento afectado. Bo manexo dos recursos cohesivos, tanto gramaticais como léxicos.

3. Corrección ortográfica e gramatical. 1 punto. Valorarase non só o correcto dominio da ortografía senón tamén dos signos de puntuación e da gramaticalidade das construcións sintácticas e das escollas morfolóxicas, desde o punto de vista do galego estándar.

No caso de textos cunha extensión manifestamente menor á solicitada, ao punto de dificultar a súa avaliación consonte os criterios expostos, esta circunstancia dará lugar a unha diminución proporcionada da valoración global da pregunta.

CONTIDOS ESPECÍFICOS DA MATERIA. Preguntas 4, 5, 6 e 7 do modelo de exame. [5 puntos]

4 e 5. Funcionamento da lingua. [2 ptos]

Consta de dúas preguntas. Os contidos son os seguintes:

- 1) Tipoloxía textual e propiedades do texto.
- 2) Fonética e fonoloxía. A sílaba. O acento.
- 3) Variedades dialectais de Galicia.
- 4) O léxico e os seus procedementos de formación.
- 5) Morfoloxía.
- 6) Sintaxe.
- 7) Semántica. Calquera aspecto lingüístico visto na aula (repaso do curso anterior ou novo)

6. Teoría. Dos seis temas que entran en cada avaliación (dous de Lingua e sociedade e catro de Educación literaria), haberá a posibilidade de elixir entre dous para contestar un. [3 puntos].

Os criterios de avaliación das probas de ABAU serán aplicados nos controis e exames que se realicen ao longo do curso e na proba extraordinaria de maio. Nestes criterios van incluídos os descontos por faltas que están vixentes nas

probas de ABAU:

- **Moi graves:** Desconto 0'2 puntos cada un. Solucións alleas ao estándar no nivel morfolóxico e sintáctico, por exemplo o uso de tempos compostos ou a incorrecta colocación dos clíticos. Tamén se considerarán faltas moi graves outro tipo de erros sintácticos, como por exemplo os anacolutos. - **Graves:** Desconto 0'1 puntos cada un. Solucións alleas ao estándar no nivel léxico, por exemplo o emprego de formas como *silla, *hasta ou *random... Tamén se considerará falta grave a incorrecta acentuación diacrítica.

- **Leves:** Desconto 0'05 puntos cada un. Solucións ortográficas contrarias ao estándar vixente (b/ v, h, *ourense), acentuación non diacrítica, contraccións, etc. Cada dous erros deste tipo descontan, polo tanto, unha décima (0,1). Unha palabra escrita incorrectamente de forma reiterada só se contabilizará unha vez. Isto non é aplicable á incorrecta colocación dos pronomes, ao emprego de tempos compostos nin á acentuación diacrítica.

Tendo en conta estes erros, pódese chegar a un desconto de 2 puntos nos exames realizados ao longo do curso. Esta valoración negativa non se aplicará sobre a pregunta 3, posto que na propia valoración da pregunta irá incluído o desconto.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA MATERIA. A avaliación é continua en todos os bloques; polo tanto en cada avaliación entrarán todos os temas vistos, incluídos os de Lingua e sociedade e Educación literaria. Na proba trimestral só entrarán no bloque de teoría os temas desa avaliación.

A nota da avaliación corresponderase coas porcentaxes xa indicadas:

60% : exame trimestral (adaptación modelo ABAU)

30% : control

10% : expresión oral

Criterios de recuperación:

Ao tratarse dunha avaliación continua, estase brindando a posibilidade de ir superando as posibles dificultades ao longo de todo o curso e, polo tanto, non haberá proba de recuperación. No arredondamento terase en conta se o alumnado cumprimentou ou non os distintos apartados das probas escritas -tanto teóricas como prácticas- de xeito equilibrado. Considerarase aprobada a avaliación suspensa sempre e cando o alumno supere a seguinte, obtendo un mínimo de 5 de media. A nota da terceira avaliación corresponderase coa da avaliación ordinaria.

- Os alumnos que suspendan a 3ª avaliación terán unha proba extraordinaria en maio. Neste exame entrarán todos os contidos vistos ao longo do curso, será de idénticas características ao modelo ABAU 2023. Os criterios de avaliación serán os mesmos das probas de ABAU 2023 e, para aprobar a materia, deben obter como mínimo un 5; así pois, a nota deste exame supón o 100% da cualificación da avaliación ordinaria. A nota desta proba extraordinaria será a que figure na 3ª avaliación e na ordinaria no boletín de cualificacións, dado que non hai un período de tempo amplo entre a 3ª avaliación e a avaliación ordinaria. Ao alumnado que non se presente á proba extraordinaria figuraralle no boletín como nota da 3ª avaliación e da ordinaria a obtida na 3ª avaliación.

- A proba extraordinaria de xuño será o mesmo modelo de exame que a proba extraordinaria de maio. No caso de que o alumnado sexa collido copiando no exame/control ou en posesión de móbil, a proba quedará anulada e poderá ser incoado un expediente disciplinario.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade estarañ orientadas, como se sinala no Decreto 133/2007, a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución das competencias básicas e dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria e non poderañ, en ningun caso, supoñer unha discriminación que lles impida alcanzar os devanditos obxectivos e a titulación correspondente.

Unha programación ben elaborada e contextualizada na realidade da aula require un número moi limitado delas.

As medidas xerais de atención á diversidade artículanse aplicando:

- Reforzo educativo.
- Adaptacións curriculares. Adaptacións necesarias para atender á diversidade do alumnado. Cremos que hai que ter en conta que as diferenzas que hai entre o alumnado impiden conseguir obxectivos idénticos

A atención á diversidade non reside unicamente en programas concretos, senón que estañ tamen na base de determinados tipos de actividades, como os Traballos de investigación, que favorecen as técnicas de traballo autónomo e permiten a cada alumna/o aplicar o ritmo e a forma de traballo máis axeitada ás súas características individuais. Igualmente os Comentarios de distintos tipos de textos permite formar persoas crícticas, mellorar a comprensión e a expresión e, ademais, aumentar as lecturas en función dos gustos ou intereses de

cada alumna/o.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación en valores cívicos baseados nos dereitos humanos: liberdade, xustiza, igualdade e a non discriminación, paz, democracia, respecto e inclusión.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación para erradicar a violencia machista e para o uso non sexista da lingua	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a saúde e os estilos de vida saudables, sexualidade sa, o coidado do medio ambiente, seguridade vial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación no respecto, a deportividade e o traballo en equipo	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Educación en valores cívicos baseados nos dereitos humanos: liberdade, xustiza, igualdade e a non discriminación, paz, democracia, respecto e inclusión.	X	X	X	X
ET.2 - Educación para erradicar a violencia machista e para o uso non sexista da lingua	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a saúde e os estilos de vida saudables, sexualidade sa, o coidado do medio ambiente, seguridade vial	X	X	X	X
ET.4 - Educación no respecto, a deportividade e o traballo en equipo	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.5 - Prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida	X	X	X	X

Observacións:

Ademais dos contidos específicos da materia de LGL, o noso Departamento contribuirá á formación integral do alumnado mediante actividades que desenvolvan aspectos transversais fundamentais para a aprendizaxe en valores esenciais como a igualdade, a responsabilidade, a solidariedade e a tolerancia.

Os temas transversais serán tratados en textos de natureza diversa que serán analizados ao longo do curso e poderán tamen servir de punto de partida para reflexións persoais expostas por escrito ou ben diálogos e debates orais durante a clase. Tamen se poderá partir doutros materiais audiovisuais que, referíndose ao currículo da nosa materia, teñan relación con algún dos temas transversais.

O profesorado será sempre claro referente na dirección ética axeitada que se deba adoptar en cada caso, sen menosprezo da liberdade de pensamento que, dentro dos límites do razoábel, poidan presentar os/as alumnos/as e corrixa aquelas actitudes e opinións que considere lesivas para os valores expostos no primeiro parágrafo deste apartado.

Intentaremos lograr, entre outros, os seguintes obxectivos:

- Tomar conciencia das situacións de desigualdade económica, cultural, relixiosa, lingüística do mundo entendendo que, máis que un mal inevitábel, son realidades que se poden cambiar.
- Analizar as causas dos conflitos no mundo, tanto a nivel de relacións interpersoais como a nivel de Estados. Aprender a importancia de resolver as discrepancias a través do diálogo, o respecto e a tolerancia.
- Valorar as linguas como medios de comunicación en pé de igualdade e insistir na importancia de que todas elas, así como os seus falantes, disfruten dos mesmos dereitos
 - Fomentar o interese por coñecer outras culturas diferentes da nosa. Aprender a respectalas e a valoralas.
 - Fomentar o respecto polo medio ambiente e adquirir hábitos que contribúan á súa conservación.
 - Identificar e corrixir as actitudes que resulten discriminatorias ou ofensivas coas mulleres. Eliminar os compoñentes sexistas no uso da lingua
 - Aprender a vivir a propia sexualidade con responsabilidade e madurez, respectando as opcións e comportamentos sexuais dos demais.
 - Desfrutar dos períodos de lecer con actividades que enriquezan a persoa (lectura, música, deporte, contacto coa natureza...), usando a diversión procedente da tecnoloxía (televisión, internet, consolas de videoxogos...) de maneira responsábel e moderada
 - Entender a importancia de estar ben informados dos aspectos máis relevantes da sociedade e mostrar unha actitude crítica ante as mensaxes procedentes dos medios de comunicación

Un dos obxectivos da nosa área é o desenvolvemento do pensamento crítico do alumno/a. Este pensamento crítico debe contextualizarse na realidade da sociedade galega, neste sentido a técnica do comentario crítico, a elaboración de artigos e informes tras a investigación dun determinado asunto na prensa, ponse ao servizo do tratamento dos temas transversais.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
O autor e a súa obra.	Varias escritoras e escritores veñen a falar sobre os seus libros.	X	X	X
Certame de recitado Carvalho Calero,	Organizado polo Concello en colaboración cos equipos do CENL de Ferrolterra.	X		

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Certame Literario Carmela Loureiro.	Desde 2014, o Concello de Ferrol, a través da área de Normalización Lingüística en coordinación cos Equipos de Normalización Lingüística (CENL) de Ferrolterra, organiza o Certame Literario "Carmela Loureiro", para alumnado dos centros escolares non universitarios da cidade.			X
Día da Ciencia en Galego	O Día da Ciencia en Galego é a celebración do Día Internacional da Ciencia en Galiza, no que o pobo galego fai un fincapé especial en resaltar máis aló das fronteiras o labor de todos os científicos deste territorio pasados e presentes. O seu principal obxectivo é salientar a difusión do coñecemento científico no idioma galego e poñer en voga as achegas dos galegos á ciencia universal.	X		
Certame Galetiktokers,	Unha iniciativa coa que se pretende estimular a creatividade entre a mocidade, animar a creación de vídeos en galego con novos formatos e darlle visibilidade á comunidade galega de tiktokers.	X		
Día de Rosalía	Celebración do 23 de febrero, data do nacemento da poeta.		X	
Día das Letras Galegas.	A semana das Letras difundiremos a figura de Luís Villalta con certos e un audiovisual elaborado por nós.			X
Concurso Samaín	Certame de microrrelatos e/ou outra actividade para celebrar o Samaín		X	

Observacións:

O Departamento de Lingua e Literatura galega realiza cada curso, actividades complementarias, dentro do centro e en horario lectivo, e extraescolares, fóra do mesmo, centradas na investigación arredor da lingua, cultura, historia e tradicións do medio ao que pertence o alumnado. Unindo forzas, facemos activas colaboracións nas actividades do Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG), das que se nutre o noso Departamento Didáctico.

O Departamento xunto co ENDLG, e en ocasións en colaboración coa Biblioteca, e/ou da Dirección desenvolverá outras actividades, aínda sen especificar: excursións didácticas, representacións teatrais, concertos, presentación de libros, visitas a exposición, museos...

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Serán valorados os seguintes indicadores de logro de 1 a cinco
Metodoloxía empregada
Serán valorados os seguintes indicadores de logro de 1 a cinco

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Serán valorados os seguintes indicadores de logro de 1 a cinco
Medidas de atención á diversidade
Serán valorados os seguintes indicadores de logro de 1 a cinco
Clima de traballo na aula
Serán valorados os seguintes indicadores de logro de 1 a cinco
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Serán valorados os seguintes indicadores de logro de 1 a cinco

Descrición:

Serán valorados os seguintes indicadores de logro de 1 a cinco: Nunca (1), Poucas veces (2), A miúdo (3), Case sempre (4), Sempre (5):

Planificación

1. Programación da materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos na normativa legal vixente.
2. Programación da materia tendo en conta os plans e proxectos educativos do centro.
3. Programación da materia tendo en conta o tempo dispoñible para o desenvolvemento desta.
4. Formulación dos obxectivos didácticos de forma que expresen as competencias a acadar polo alumnado.
6. Programación de actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe e das necesidades do alumnado.
7. Planificación das clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación da aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.
8. Establecemento, de xeito explícito, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación.
9. Coordinación co resto do profesorado do departamento e do centro que poidan ter contidos afíns (Tratamento Integrado de Linguas).

Seguimento e avaliación

1. Organización dos contidos dando unha visión xeral de cada tema (índices, esquemas...)
2. Relación dos conceptos novos cos xa coñecidos.
3. Predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.
4. Optimización o tempo dispoñible para o desenvolvemento do Proxecto.
5. Utiliza as TICs para apoiar os contidos na aula.
6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída co alumnado.
7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.
8. Elabora actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe.
9. Presenta actividades de grupo e individuais.
10. Facilita estratexias de aprendizaxe (como buscar información, como resolver problemas,...)

MOTIVACIÓN DO ALUMNADO

1. Realización a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación ao nivel do alumnado.
2. Detectar os coñecementos previos a cada tarefa de aprendizaxe.
3. Revisión dos traballos propostos na aula e fóra dela.
4. Proporcion da información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.

SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

5. Corrección de traballos e actividade, explicación, pautas para a mellora das aprendizaxes.
6. Utilización de procedementos e instrumentos variados de recollida de información.
7. Utilización de suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos e das competencias clave.
8. acceso a procesos de autoavaliación e coavaliación.
9. Proposición de novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.
10. Proposición de novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.
11. Proposta dun plan de traballo ao principio de cada tarefa.

12. Utilización de distintos recursos para introducir a unidade (lecturas, cancións, vídeos, debates, diálogos...).
13. Información sobre os progresos acadados e as dificultades atopadas.
14. Relación dos contidos e actividades cos intereses do alumnado.
15. Estimulación da participación activa dos estudantes na clase.
16. Promoción da reflexión sobre os temas tratados.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O proceso de avaliación servirá para constatar o nivel de éxito á hora de acadar os obxectivos propostos. Será continuo e aberto e será esencial no proceso de autocorrección dunha programación que é susceptible de ser modificada a partir da experiencia real nas aulas, o que redundará no seu valor formativo. Analizará as deficiencias e logros en todo o proceso de ensinanza- aprendizaxe e aportará instrumentos útiles para a mellora da dinámica educativa en todos os seus aspectos.

O proceso de avaliación deberá ser abordado en dous niveis complementarios:

a) A avaliación da programación, en tanto que instrumento pedagóxico. Trátase de verificar se o dispositivo pedagóxico empregado é adecuado e cales son os aspectos en que se poderían presentar maiores conflitos: no nivel de profundidade dos contidos expostos en cada nivel educativo, na idoneidade da secuenciación dos mesmos, no nivel de complexidade dos mecanismos empregados no proceso de ensinanza- aprendizaxe (sobre todo no emprego das TIC nos cursos máis baixos, nos que o nivel de competencia dixital dos/das alumnos/as é moi desigual), na efectividade das actividades e lecturas propostas, na idoneidade dos materiais curriculares empregados...

A través das reunións de departamento, íranse analizando estas cuestións e realizaranse as modificacións puntuais que se considere oportunas, neste mesmo curso sempre que for posíbel, ou tomarase nota delas para reformalas de cara a próximos cursos.

b) A avaliación da interacción do alumnado coa programación.

Trátase de avaliar o nivel de resposta do alumnado coa acción pedagóxica e a capacitación deste á hora de avanzar nas diferentes competencias educativas que poida integrar.

9. Outros apartados